# TARDE DE SAPO

Texto e ilustracións de MAITE MUTUBERRIA

Tradución de MANUELA RODRÍGUEZ

Encadernado en cartoné. 22 x 22 cm. 44 páx. 14 €

FINALISTA DO XVI PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO

**Tarde de sapo** (galego)
ISBN 978-84-1343-285-4. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

**Tarde de sapo** (castelán)
ISBN 978-84-1343-286-1. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

**Tarda de gripau** (català)
ISBN 978-84-18558-89-4. Álbum il·lustrat. Obres d'autor/a.

**Arrats zapo bat** (euskara)
ISBN 978-84-9172-372-1. Album irudidunak. Egile lanak.

**Tarde de sapo** (português)
ISBN 978-989-749-179-5. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

**Una giornata di rospo** (italiano)
ISBN 978-84-1343-277-9. Albo illustrato. Gli albi di autore.

*Era unha tarde coma outra calquera... para o sapo*

*e para o mosquito.*

*Vaitezzz, que aborrezzzido ezzztá o zzzapo, pensou o mosquito.*

*Zzze eu zzzoubezzze como dizzztraelo..., seguiu pensando.*

*Daquela, berroulle...*

**Humor, diversión e unha sorpresa final nunha historia moi visual, con gran dinamismo e sonoridade.**

Recíbenos a figura (non tan) estática dun enorme sapo que, segundo pasan as primeiras páxinas, vai quedando durmido. Un mosquito decide sacalo dese sopor zoando arredor e retándoo a pillalo, ata que recibe un certeiro bocado. Outras pequenas criaturas —o caracol, a formiga, a araña...— actúan de igual xeito e, unha a unha, o batracio —cada vez máis groso— dá boa conta delas.

Así transcorre esta divertidísima historia de Maite Mutuberria, a súa primeira obra como autora e ilustradora: un texto breve que, con letra maiúscula e estrutura repetitiva, pódese gozar dende a primeira infancia. As ilustracións, sobre fondos neutros de tons suaves, sosteñen o maior peso narrativo: son animais caricaturizados, de trazos sinxelos e representados de forma humorística, con chapeus de cores.

O carácter visual, a influencia da linguaxe do cómic e o ritmo cinematográfico do relato plásmanse en aspectos como as liñas cinéticas que marcan o labiríntico voo do mosquito, a variedade de enfoques —a modo de viñetas ou primeirísimos planos que acentúan a expresividade dos personaxes— e a importancia das onomatopeas. Así, os xogos fónicos están presentes na transcrición dos diálogos, plasmando graficamente as súas calidades: o zunido do cínife a través do ceceo, a lentitude do caracol ao arrastrar as sílabas...

Un simpático insecto conseguirá que o sapo atope o feitío, non do seu zapato, senón da súa lingua. Tras este final sorprendente e hilarante, unha relectura permitiranos descubrir pistas e detalles reveladores que pasaran desapercibidos.

- **Temática:** historia de animais do estanque, do campo ou do xardín.
- **Idade recomendada:** dende 3 anos.
- **Aspectos destacables:** letra maiúscula, humor, xogos fónicos, onomatopeas; natureza, insectos, anfibios, alimentación; da ilustradora de «Bechopoemas e outras bestas» (3º Premio Nacional aos Libros Mellor Editados 2019 de Literatura Infantil e Xuvenil), «Poemas bestas e outros bechos», «Arbolidades» (XII Premio Internacional Orihuela de Poesía para Nenas e Nenos) e «Onomatopoemas y otros pequeños sonidos» (Premio Euskadi de Literatura 2022).
- **Avance do libro:** https://issuu.com/kalandraka.com/docs/tarde-de-sapo-g

**Maite Mutuberria**

(Eltzaburu, Navarra, 1985)

Licenciada en Comunicación Audiovisual e graduada en Ilustración (Escola Arte Diez, Madrid). Dedícase a ilustrar carteis e libros para nenos e adultos. Nas súas obras destacan «Enorme suciedad», «Onomatopoemas y otros pequeños sonidos» (Premio Euskadi 2022 de Literatura Infantil e Xuvenil en éuscaro), «Bechopoemas e outras bestas» (3º Premio Nacional aos Libros Mellor Editados 2019), a súa continuación con «Poemas bestas e outros bechos» ou «Arbolidades» (Premio Internacional Orihuela 2019 de Poesía para Nenas e Nenos). Recibiu o Premio Euskadi de Literatura 2022 (ilustración), o Premio Lazarillo 2014 e o Premio Etxepare 2013, entre outros recoñecementos. Foi seleccionada no Catálogo Iberoamérica Ilustra 2022 e na lista The White Ravens 2020.
http://maitemutuberria.com



www.kalandraka.com
comunicacion@kalandraka.com